O RECANTO DO ESCRITOR

A estraña veciña

GONZALO. 6ºA

Xa hai 6 meses, aproximadamente, dende que me mudei a esta casa. É unha casa ao lado dun parque, cun lago enorme e unha zona de area. Ao outro lado vivía, nin máis nin menos, que a miña veciña. A señora Casablanca; unha señora duns 90 anos, aproximadamente; cunha morea de enrugas na cara e uns lentes tan grandes, que lle ocupaban metade da súa cara, que era bastante pequena. Era unha señora baixa, que utilizaba bastón e a única vez que a fun visitar, estivo sentada no seu sofá toda a tarde.

A señora Casablanca era moi estraña, falaba pouco e cando a oía, só se escoitaban sons que parecían dun gato atragoado. Ás veces penso que ela non durme… cando ollo pola ventá, vexo a luz do seu cuarto acendida e a ela de pe. Non sei onde ollaba porque só vía a súa figura, toda negra e non se movía nin un centímetro. Era como unha estatua.

Unha noite, que volvía de xogar no parque, oín un berro que viña da súa casa. Achegueime a ver que pasaba; entrei pola porta, que facía uns ruídos que che deixaban a pel de galiña; ollei a planta baixa, non vin nada; subín as escaleiras e cheguei ao seu cuarto. Contemplaba a figura que vía todas as noites! Non permanecía queda, ela non estaba!

De súpeto abríuse o armario, lentamente, e saíu un gato; un gato negro e cos ollos brilantes. No armario víase a sombra da figura e… Empezouse a mover!

Botei a correr, pero as portas permanecían pechadas con chave e as ventás tamén. Estaba atrapado! Fun ao teléfono. Era un destes antigos que non teño nin idea de como se utilizan; collín o meu móbil. Sen batería! Que torpe! A figura comezou a baixar as escaleiras. Que podería facer? Ía morrer?... Só tiña unha escapatoria: a cheminea.

Metinme nela e subín, saltando de parede en parede… Xa tiña a cara e as mans negras. Cando cheguei ao tellado, baixeino con moito coidado e cheguei ao chan, cunha dor de pernas que case non podía andar. Metinme na miña casa, fun ao meu cuarto e dispúxenme a durmir, quería esquecelo todo.

Ao día seguinte, a policía atopouna morta nas escaleiras. Sería o seu espírito o que me estaba perseguindo? Quereríame dicir algo? Non o sei, pero o que non deixo de preguntarme agora é: Que facía un gato no seu armario? Porque ela… É alérxica aos gatos.

A lousa de SatAn

MATEO. 6ºA

Era noite pecha cando o monaguillo espertou. Xa facía tempo que se fora o último cura. O monaguillo foi directo á sacristía. Alí, levantou unha lousa e colleu o libro que había debaixo dela.

Cando o médico que ía levantar o cadáver chegou á igrexa, xa había moitos periodistas pendentes da morte do xove monaguillo. No momento en que rematou a ardua tarefa, foi a súa pensión e recapacitou. Levantara o cadáver, pero aínda lle faltaba saber por que ou que matara ao monaguillo. Fixárase en que o monaguillo tiña unhas marcas que indicaban como o asasino lle arrancara algo das mans. Pasou un tempo cavilando, pero o sono poido con el.

Cando espertou non estaba na habitación nin en ningún sitio que el coñecese. A súa primera reacción foi beliscarse e pechar os ollos, pero cando os abriu seguía alí. Botou a andar cara a escuridade, na que xa estaba, e de alí a un tempo viu que unha sombra se achega a el. O susto casi o mata, pois a sombra non era outra ca a do monaguillo morto.

-Axúdame…axúdame…axúdame! -suplicaba o monaguillo-busca no nome de Satán. O libro, na igrexa…

-Espera! Que libro? Non te vaias!-gritou o médico, e deseguido, desmaiouse.

Cando espertou, atopábase na pensión.

Foi a igrexa tentando buscar pistas. Mentres cavilaba na aparición que tivera, reparou nun grupo de lousas que puñan SANCTUM.

<<Que relación haberá entre unha igrexa e o nome de Satán?. Sa-tán, Satán, S-A-T-Á-N. S claro!!!>>

-EUREKA!!!-gritou mentres levantaba a lousa na que puña a S de SANCTUM. E, en efecto, alí estaba o libro no que había fórmulas demoníacas. Mentres as lía, non se percatou que unha sombra se cernía sobre el, e lle daba un golpe na caluga.

Cando espertou viu a unha persoa completamente vestida de negro, dicindo cousas nun idioma que el non entendía, nun hexágono feito no chan con cinza.

-Alto!- berrou, arremetendo contra a figura.

O ser deuse a volta mentres o médico caía morto polo medo que lle ocasionou o rostro que acababa de ver.

O RECANTO DO ARTISTA

BANDEXAS DECORADAS

OLGA. 6ºC

MATERIAL EMPREGADO

- Bandexa de vidro incoloro do tamaño e forma que se desexe.
- Servilleta de papel con debuxos: flores, animais, froitas……
- 3 frascos de líquidos distintos.
- Pincel.
- Esponxa.
- Tesoiras.

MODO DE FACELO

Recórtanse os debuxos da servilleta con moito coidadiño, xa que é papel moi delicado. Unha vez recortados, retíranselle dúas capas de papel branco e péganse na bandexa pola parte de atrás, co craquelador. Pasámoslle unha capa de craquelador co pincel a todo o envés. O segundo día botámoslle (coa esponxa) o 2º líquido de cor beige e ao pouco empeza a deixar regañas.

Xa, o derradeiro día, dámoslle o último líquido de cor dorado ou marrón, que se verá nas ranuras. Unha vez secoperfílanse os bordes co dorado ou co marrón.

O CÍRCUITO ELÉCTRICO

XIANA. 6ºC

Está formado por varios elementos conectados entre si e polos que circula a corrente eléctrica:

- Xerador (produce corrente eléctrica)
- Cables, transmiten a corrente ata outros elementos do circuito)
- Lámpadas, motores… (Transforman a corrente)
- Interruptor (permite controlar cando circula a corrente e cando non)

Fixemos a práctica por grupos e vimos a transformación que sofre a enerxía ao percorrer o circuito. A enerxía eléctrica (empregamos unha pila) transfórmase en enerxía luminosa cando chega a unha lámpada (semáforo, iluminación dunha casa, dun faro, da Tour Eiffel…), mecánica (movendo aspas dun muiño de vento, un viraventos…) calorífica ou térmica, sonora...